



Venres, 20 de xaneiro

A Oficina de Medio Ambiente publicará o primeiro estudo sobre a evolución das emisións de carbono

A Universidade de Vigo logrou reducir a súa pegada de CO2 nun 10% nos últimos tres anos

A mobilidade, co 60% das emisións, é o maior 'handicap' pola situación xeográfica e o alto número de alumnos

Noemí Rey | Vigo



Pegada de carbono: indicador que mide a totalidade de gases de efecto invernadoiro emitidos de xeito cíclico. Moi sensible con este tema, hai anos que a Universidade de Vigo pensa en verde e aplica medidas para mellorar o seu impacto ambiental. Ese traballo deu xa os seus froitos: nos últimos tres anos esta institución conseguiu reducir a súa pegada de CO2, chegando á emisión de arredor de 22.500 toneladas de dióxido de carbono á atmosfera máis acusado cando o que se valora son as emisións por persoa. "Consegiuse unha redución do 17%, pero que depende moito da concienciación de cada usuario", explica Nicolás Legido, un dos encargados dos datos para facer o primeiro estudo da Universidade de Vigo sobre a evolución das emisións de carbono.

A Oficina de Medio Ambiente (OMA) é a encargada de elaborar este informe, do que se está a preparar a súa próxima publicación. Para predicar co exemplo e contribuir a ese descenso continuo de emisións, en papel cun número moi limitado de exemplares e a maior parte da súa difusión farase a través de internet.

Mellores datos que outras universidades

Obter uns datos tan bos non foi unha tarefa doada, sobre todo tendo en conta a gran desvantaxe coa que ten que convivir a Universidade de Vigo: a súa xeografía. Estar a 15 quilómetros da cidade e ter un elevado número de alumnos fai que o 60% das emisións se produzan pola mobilidade. "O canpo é complicado a pesar de campañas como Cheo por fa. or, moita xente vén en coche. Hai que seguir incentivando á xente para que empregue medidas alternativas de transporte urbano. O ideal sería chegar a un punto no que á xente lle compensara usar o autobús en lugar de subir en vehículo propio", recorda Legido.

Pero a Universidade de Vigo tamén destaca pola súa baixa pegada ecolóxica, un índice que mide o impacto ambiental xerado pola demanda humana respecto dos recursos dispoñibles no ecosistema e a capacidade da terra de rexeneralos. Con 0,15 hag/per cápita, a institución viguesa está por debaixo de outras como a de Santiago (0,27), León (0,45) ou a de Ontario, en Canadá (1,04).

Aforro enerxético e económico

A OMA é a encargada de executar o Plan de Sostibilidade e Medio Ambiente (Plan SuMA), que integra todas as accións e iniciativas da Universidade para o progreso sostible e que está dirixido dende a vicerreitoría de Economía e Planificación. En total, sete programas que inclúen dende a reciclaxe ou o uso de enerxías renovables ata a sensibilización e que derivan nun "aforro tamén económico", como subliña Benedicto Soto, responsable da área de Prevención e Coidado do Medio Ambiente. Algunhas son ben visibles, outras "máis pequenas e ocultas: cambiar as lámpadas, apagar as luces do campus ás 00 horas excepto nas zonas de servizos, pezas nas caldeiras, poñer sensores de movemento nas portas, dobre ventá...", subliña Soto.

Outras das medidas levadas a cabo son xa "a longo prazo, con instalacións feitas que se amortizan aos tres ou cinco anos". Trátase da aposta pola eficiencia enerxética, coa colocación de instalacións xeotérmicas (en Citexvi, CACTI, Edificio Administrativo de Ourense e na Biblioteca Central e de Ciencias) e fotovoltaicas (en Ciencias Sociais, Citexvi e no pavillón estudiantil do campus ourensán), termosolares (nos pavillóns deportivos dos tres campus, C, Escola de Enxeñería Industrial) e dunha caldeira de biomasa na escola infantil do campus de Pontevedra. "A través dos recibos podes valorar claramente o consumo enerxético. Sen embargo, as emisións da mobilidade son estimativas e feitas a través de enquisas periódicas entre o estudiantado", recalca Soto.

De este plan de aforro non se libra nin a auga, xa que "a que sae da depuradora tamén ten un custe de CO2". En este momento, por exemplo, xa se están a substituír os campos de fútbol coa auga dos pozos propios dos que dispón a Universidade por todo o campus. O seguinte paso será "valorar como están as nosas instalacións e ver ata onde podemos chegar en deixar de empregar a da traída".